

## **RESOLUCIÓN DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA POLA QUE SE DECLARAN ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS AUTOMATIZADAS**

A interoperabilidade, elemento esencial para facer posible unha transformación dixital, permite aos órganos administrativos intercambiar electronicamente datos e documentos co obxectivo de proporcionar aos cidadáns e empresas os servizos necesarios para garantir o seu dereito de relacionarse con elas por medios electrónicos e non presentar aqueles documentos susceptibles de ser consultados por conexións informáticas ou xerados pola administracións públicas.

Esta cooperación entre administracións require non só a compatibilidade entre sistemas senón tamén a capacidade dos servizos públicos de utilizar adecuadamente os sistemas de información, así como a concienciación pública sobre as posibilidades que estes sistemas ofrecen.

O Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da administración electrónica, define Nodo de interoperabilidade como o organismo que presta servizos de interconexión técnica, organizativa e xurídica entre sistemas de información para un conxunto de administracións públicas baixo as condicións que estas fixen. O artigo 8 da devandita disposición establece, ademais, que as administracións públicas poderán utilizar nodos de interoperabilidade –entendidos como entidades ás que se lles encomenda a xestión de apartados globais ou parciais da interoperabilidade organizativa, semántica ou técnica– e que se potenciará o establecemento de convenios entre as administracións públicas emisoras e receptoras e, en particular, cos nodos de interoperabilidade co obxectivo de simplificar a complexidade organizativa sen menoscabo das garantías xurídicas.

A plataforma de interoperabilidade da Xunta de Galicia, pasaXe!, ten por obxectivo facilitar a cooperación entre administracións como mecanismo esencial para proporcionar aos cidadáns os servizos necesarios para garantir o seu dereito para relacionarse con elas por medios electrónicos e de non presentar aqueles documentos susceptibles de ser consultados por conexións informáticas ou xerados pola propia Administración autonómica.

PasaXe! utiliza o protocolo de intercambio de datos SCSP segundo o establecido na Resolución do 28 de xuño de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas,



pola que se aproba a Norma Técnica de Interoperabilidade de Protocolos de intermediación de datos. Este protocolo establece un formato interoperable para as mensaxes de consulta e resposta de datos.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, (en adiante só Lei 40/2015), integra as materias que demandaban unha regulación unitaria das relacións *ad intra* de cada Administración e das relacións entre elas, como a sinatura e as sedes electrónicas, o intercambio electrónico de datos en contornos pechados de comunicación e a actuación administrativa automatizada.

O artigo 41.1 da Lei 40/2015 define actuación administrativa automatizada como calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración pública no marco dun procedemento administrativo e na cal non interviñese de forma directa un empregado público.

O artigo 41.2 da devandita lei determina que “en caso de actuación administrativa automatizada deberase establecer previamente o órgano ou órganos competentes, segundo os casos, para a definición das especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, se fose o caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte. Así mesmo, indicárase o órgano que debe ser considerado responsable para efectos de impugnación”.

A Orde do 6 de febreiro de 2014 pola que se aproba o protocolo de identificación e sinatura electrónicas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no punto 3.4 do seu protocolo, determina que a creación de selos electrónicos realízase mediante resolución das secretarías xerais, secretarías xerais técnicas, direccións xerais ou persoa titular da dirección da entidade pública instrumental competente, que deberá ser publicada en sede electrónica.

Por todo o exposto,

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.** Declarar as seguintes actuacións administrativas automatizadas a través de sistemas de información no ámbito da interoperabilidade:

a) A conversión a formato interoperable das consultas de datos realizadas polo persoal empregado público da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia a través do Nodo de Interoperabilidade pasaXe!.



b) A emisión do xustificante de transmisión de datos a través do Nodo de Interoperabilidade pasaXe!

**Segundo.** Os órganos responsables en relación coa actuación administrativa automatizada relacionada no apartado anterior serán:

a) A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia como órgano responsable da definición das especificacións destas actuacións administrativas automatizadas.

b) A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia como órgano responsable da programación, mantemento, supervisión e control de calidade e, no seu caso, auditoría do sistema de información e do seu código fonte.

c) A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia como órgano responsable para os efectos de impugnación.

**Terceiro.** Autorizar o uso do selo electrónico denominado “INTEROPERABILIDADE DA XUNTA DE GALICIA” para asinar as actuacións administrativas automatizadas declaradas nesta resolución e a realizar as tarefas técnicas precisas para a súa implantación efectiva nos sistemas automatizados que dan soporte as actuacións e procedementos mencionados.

**Cuarto.** Autorizar a renovación do selo electrónico “INTEROPERABILIDADE DA XUNTA DE GALICIA” sempre e cando continúen vixentes as actuacións administrativas automatizadas declaradas nesta resolución.

**Quinto.** A presente resolución producirá efectos desde o día da súa sinatura e publicárase na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela,

Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Mar Pereira Álvarez

